

textos / 71

CAIXA NEGRA

de Fernando Epelde



RGT

revistagalegadeteatro

Nº 74

GRAVADORA NEGRA

Nos derradeiros tempos do século vinte, soa moi pretérito mais só hai uns catorce anos e pico, Fernando e un servidor camiñabamos polas rúas de Compostela cunha gravadora negra e un micrófono de solapa na procura dos sons da cidade. O tráfico, os atascos, as carreiras de paraugas, o fio musical das tendas, as rodas tortas dos carriños do súper, as campás, as voces peregrinas, os abrasivos tunos, os vasos esnaquizándose nas pedras, os risos no barullo dun bar a piques de pechar. E todo o que non lembro foron enchendo os sesenta minutos daquela cinta ata o amencer.

Nesa mesma micro cinta no correr dos anos fóronse incrustando anacos sonoros sen ningunha orde, superpoñéndose uns aos outros e mesturándose ao silencio nas butacas do teatro Principal de Ourense antes dunha representación, unha idea para unha peza de terror psicolóxico. Os cantos estentóreos dun feixe de Boy Scouts católicos franceses á Notre-Dame de Lourdes subindo por Casas Reais, coas risadas duns universitarios metidos improvisadamente na pel dun caníbal demente ou dun neoliberal que non é o mesmo, mais é igual. Ou os ecos da combustión lenta do cáñamo nun papel de arroz, coas nosas voces roncadas e belixerantes correndo polo parque de Bonaval tras dun home cunha manta a xeito de capa berrando a quen quixera oílo que el era a pantasma do capitalismo disposto a quitarnos todo, todo, todo. E así ata converter aquilo nun imposible collage magnético de dióxido de cromo.

A día de hoxe non estou certo de que nada diso sucedera como eu penso, tampouco sei que foi da cinta, nin da gravadora, nin das voces que nunca gravei e que chimpan arredor deses recordos nun indescifrabel baile de máscaras.

É o que teñen os recordos, queridos... engánchanse... vícianse...

A memoria é unha cousa moi flexible e acuosa nas nosas mans, déixase facer de todo e a nada lle torce o bico. No silencio das nosas cacholas nada é imposible, a dor pola renuncia pode metamorfosearse nunha proba de carácter, a estupidez nunha brincadeira daqueles tempos, e a maldade nunha mera necesidade circunstancial. Mais o sistema ten erros, zonas sen cobertura, imaxes insubornábeis, e palabras gravadas entre as orellas alleas ao efecto letal do esquecemento. E é nesa zona escura onde resoa **CAIXA NEGRA**, lembrándonos xa desde o principio algo que ningún de nós debería esquecer nunca.

O botón de gravación, como verá vostede a continuación, non é recomendábel premelo. A cor vermella indica perigo.

Carlos Losada Galiñáns

CAIXA NEGRA

Este texto é para os meus mestres.

*Din que Marconi pensaba que o son e as palabras
algunha vez pronunciadas nunca morren e
perviven para sempre impregnadas no ambiente.
Investigando sistemas de gravación e fitas magnéticas,
el pretendía chegar a escoitar o último Sermón de Xesucristo.*

*Juanjo, Carlos e Rubén ensináronme a revisar
as miñas gravacións sempre en busca dunha epifanía e
María axúdame cos códigos, para traducir a mensaxe.*

Fernando Epelde

MANUAL DE INSTRUCCIÓN:

O texto que está vostede a punto de afrontar é unha auténtica peza radiofónica que non se sostén sobre o papel.

A narrativa establécese a través dun sinxelo xogo con cintas de audio reproducidas nunha gravadora estándar e o resultado é moi fácil de comprender para o ouvinte, pero non para o lector.

Co fin de facer a lectura máis fiel ao espírito do que pretendo, o texto preséntase acompañado duns símbolos que o situarán a vostede en todo o momento diante dunha gravadora.

A mesma en torno á cal as personaxes da obra desenvolven o seu diálogo.

Pese a que estes símbolos son ben coñecidos por todos nós, engado un breve diccionario que lle permitirá vivir a experiencia completa con máis facilidade.

O texto subliñado responde aos efectos sonoros necesarios para o desenvolvemento da acción.

O texto en negriña e máis cursiva responde a anotacións teatrais. Trátase de accións e indicacións actorais non-sonoras que deben ser interpretadas como en calquera outro texto dramático.

-Sen xogo, non hai teatro-

◀◀ Rebobinado ▶ Reprodución ■ Parada ▶▶ Avance Rápido.

O botón de gravación, como verá vostede a continuación, non é recomendábel premelo. A cor vermella indica perigo.

● REC

*Os fragmentos de audio correspondentes a **filmes e teleseries** son fundamentais para comprender a totalidade da historia e están completamente transcritos no papel. Adxunto, de todos os modos, un **enlace a Youtube** en todas as ocasións en que aparecen, para que sexa posíbel a súa escoita.*



SON: *Escoitamos unha melodía de fruta doce que nos é familiar, unha música oriental que temos escoitado, noutro tempo e a través doutro tipo de receptor, decenas de veces. A banda sonora da serie de Tv “Kung Fu” e un fragmento da mesma:*

MESTRE PO: Que intentas ver alén do mar?

DAVID CARRADINE: Aquela parte do meu ser que case non coñezo; o pasado de que procedo.

MESTRE PO: Algún día deberás buscalo.

D.CARRADINE: É conveniente coñecer o pasado, mestre? Non nos rouba o presente?

MESTRE PO: Se un home vive no pasado, entón perde o presente. Mais quen ignora o pasado pode perder o futuro. As sementes do noso destino son alimentadas polas raíces do noso pasado.

KUNG FU (serie) : <http://www.youtube.com/watch?v=Uw0tMP80AO4>



RAÚL: Rebobinar, *Play*, avance rápido. Pasado, presente e futuro. *Clac! Cloc! Clic!* Está todo entre esas tres teclas. O circuliño vermello é perigoso. Por iso é vermello... por iso é un círculo. Como nos sinais de tráfico. Como unha gotiña de sangue... Grávoo todo... todo. Primeiro utilicei cintas... durante un monte de anos foron cintas, lémbroo perfectamente. O primeiro gravador regaláronmo pola Comuñón, foi a miña avoa. Ela xa comezaba a notar que era mellor telo todo rexistrado. Que a memoria falla, mais o circuliño vermello non... o botón do pánico, así gusto de o chamar.



Despois, moito máis tarde, foron os cd's, mais deses nunca gustei... non estaban feitos para gravar. A min non me importaba a música, a min non me importaba a calidade do son. A min importábanme o *clac*, o *clic* e o *cloc*... sobre todo o *clac*. O pasado.

Non sei por que, supoño que porque todo aquilo xa estaba a pasar. Porque xa nos estaban fodendo o futuro... supoño que inconscientemente sabía que era mellor gardar todo o que puidese daquela inocencia...

E agora teño isto... unha chea de cintas etiquetadas **(ri)**, un monte de pesadelos.

Os meus recordos son esa cousa que transcorre entre CLAC e CLOC. Ese é o CLIC da cuestión.

CLAC!



OFF: Proba 7 - Interrogatorio 2/3 – RAÚL - 14 anos – Material protexido da Policía-Xulgado Provincial da Coruña.

O fragmento está comezado, unha voz nova traballa as palabras e a entoación dun modo tan calmo e adulto que o recitado parece aprendido e ás veces artificial. O son ven dun magnetófono de fita vello, daqueles capaces de recoller os lamentos do Alén.

RAÚL/NENO: Caían sobre min, só iso. Caían sobre min. Desde onde eu estaba, o meu punto de vista era distinto. Gustábame porque podía verlles a cara. A min o que me gustaba era verlles a boca.

Non era o que dicían. Sempre dicían o mesmo. Nin sequera a primeira vez sentín medo, ou noxo, ou pena.

Caían sobre min... (*A fita engánchase*)

Sobre min...sobre min... sobre min...

A reprodución interrómtese...

CLAC!

II

AIRAS: É o que teñen os recordos, queridos... engánchense.. vícianse... supoño que estas fitas son vellas... ou que teñen que quentar... (*ri*) Se cadra os que temos que quentar somos nós, como nos adestramentos de Karate...

EMMA: Queres facer o favor darlle ao play, Raúl? Bastante temos co que temos!

▶

CLAC!

SON: *A fita avanza devagar, collendo forza até alcanzar a velocidade de reprodución adecuada.* “caaaaaaaiiiiiiiiiiaan soooooobre MIN”

POLICÍA (*Trátase dunha muller*): Raúl... queres que paremos un pouco? Queres un grolíño de auga?

RAÚL/NENO: Non, grazas... quero unha *Coca-Cola*.

SON: *Escóitase un rumor inintelixíbel fóra do radio do micro. A policía pide algo para que o rapaz beba.*

POLICÍA: Raúl, agora vou ter que pedirche que sexas un pouco máis gráfico... máis claro. Tes que ser moi clariño, sen vergoña ningunha... Vale? Que aquí non nos asustamos de nada e ti non tes culpa disto que está a pas...

RAÚL/NENO: Eu tampouco creo que teña culpa de nada...

SON: *A través da gravación escoitamos a apertura dunha lata, o gas escapa nunha explosión pequeniña e inofensiva. Logo, desde o presente, desde fóra da fita, ouvimos a Raúl.*

CLAC!

II

RAÚL: Escoitades o gas? É como unha porta ao pasado. *Coca Cola* do ano 92.

AIRAS: Cala e deixa escoitar, Raúl. Fai o favor... dálle!

▶

CLAC!

POLICÍA: Entón, sexamos moi clariños. Céntame a situación como se eu estivese alí contigo. Estamos, logo, nun cuarto de chan azul e... que levamos posto? Ou non levamos nada? Imaxina que estou ao teu lado.

RAÚL/NENO: Ti non estabas alí comigo. Alí non podía estar calquera. Ti non poderías estar alí.

POLICÍA: Cántamo entón como si estivese pasando agora.

RAÚL/NENO: Pois estou no ximnasio, de xeonllos, o chan é brandiño, nese chan non doen os osos. Podes caer as veces que queiras, podes morder o po, que non doe.

POLICÍA: Estás espido, Raúl?

RAÚL/NENO: Ao principio levo posto o meu traxe de baño. Pola mañá, despois de limpar con Puri, sempre íamos á praia, sabe?

SON: Escoitamos outra vez o son gasoso dun refresco.

RAÚL/NENO: Alí sempre ía moito calor. Ao final sempre acababa nu. Mais só ao final.

POLICÍA: Entón...canta xente estaba alí contigo?

RAÚL/NENO: Ese día estaban o mestre Rodrigo, Rafa, Airas e mais eu. Ninguén máis.

POLICÍA: E a túa amiga Emma? Emma non estaba? Isto é moi importante, Raúl. Tes que dicirme exactamente quen estaba no ximnasio nese momento.

RAÚL/NENO: Máis ninguén. Lémbrome moito da cara de cada un deles. Xa lle dixen que a min o único que me gustaba era mirarlles a cara. Sobre todo a Rafa cando lle caía sobre min.

POLICÍA: Raúl. Agora tes que ser moi clariño. Queres que saquemos outra vez os bonecos? Ou podes explicarmo como se eu non soubese nada? Tes que contalo como a primeira vez. Que facían eles?

RAÚL/NENO: Eu estaba de xeonllos, co traxe de baño aínda mollado da praia. Sempre tiña quenturas nas cachas por iso. Estaba de xeonllos, primeiro tiña que estar quedo, cos ollos abertos. Se pechaba os ollos, Rodrigo sempre mos abría coa man.

POLICÍA: Como chos abría? Facíache dano?

RAÚL/NENO: Nunca me facía dano. Abríamos así.

POLICÍA: Non te premía nin te...?

RAÚL/NENO: Nunca me facía dano, el controla a súa forza. No Karate non se pode facer dano se non te atacan.

POLICÍA: Raúl, isto non é Karate.

RAÚL/NENO: Todo é Karate. Hai que facer moito máis que pegar para ser un bo loitador.

POLICÍA: E... segue, que facían eles?

RAÚL/NENO: Primeiro, o mestre Rodrigo dábame unha masaxe. Polo peito e a barriga sobre todo. Dábame masaxes por todo o corpo para que os meus músculos non sufrisen logo.

POLICÍA: Canto tempo duraba isto?

RAÚL/NENO: Non sei. Un tempinho. E logo... logo, espíase. Primeiro el, e logo cando lles dicía, os outros tamén o facían.

POLICÍA: E ti?

RAÚL/NENO: Eu espíame cando me apertaba o traxe de baño.

POLICÍA: E o mestre...? El tamén estaba... ? *(Pausa.)* A el tamén o apertaba o traxe de baño?

RAÚL/NENO: El xa estaba empalmado cando quitaba a roupa. Aínda que eu xa o sabía pola súa boca, polas cousas que facía coa boca. E a Rafa tamén se lle notaba, incluso cando estaba adestrabamos.

POLICÍA: E que facía o mestre? Tocábase?

RAÚL/NENO: Non se tocaba. Eu poñía as mans debaixo do cu. Agarrábo forte, como no adestramento. E logo el achegaba o seu pene á miña cara e refregábamo. Sobre todo... eu non podía pechar os ollos. Nada máis que iso.

POLICÍA: Facíache dano?

RAÚL/NENO: Xa lle dixen que non. El ensináranos a facer iso mil veces antes.

POLICÍA: Introducía o seu pene na túa boca?

RAÚL/NENO: Non. O mestre só mo refregaba polas meixelas... e contra os labios e os dentes. Airas e Rafa si o metían *(Dubida.)* ... ás veces Airas si que me facía dano.



CLAC!

SON: A gravación detense violentamente tras o golpe seco dunha tecla. Co empurrón, volvemos ao presente.

EMMA: Vale... até aquí!

RAÚL: Eh! Non podes parala ti! Non é túa... é como se eu me metese na túa cabeza e dixese, “Hala, todo o mundo para a casa!”

AIRAS: Deberíamos... deberíamos escoitalo enteiro.

RAÚL: Todo sistema contén en si mesmo a semente da súa propia destrución.

AIRAS: Raúl! Céntrate, que estamos todos aquí pola túa culpa.

RAÚL: A min dáme igual. Téño todo gravado.

Recita posuído pola voz do seu neno e a da muller policía.

“(Policía) E ti... ti que facías mentres?”

(Raúl) O que máis me gustaba era mirar... e mentres...

(Policía) Mentres que?

(Raúl) Masturbábame”

EMMA: Vale xa, Raúl!

AIRAS: Deberíamos escoitar todo o material. Raúl terá que devolvelo mañá cedo.

Nunca antes escoitamos as cintas. Hai moito tempo. Mellor saber que é o que temos aquí, estar todos de acordo e ver se de verdade podemos facer algo para reabrir o caso ou o que sexa. Que tes pensado, Raúl?

EMMA: Vou ao baño.

AIRAS: Estás ben? Vou contigo?

EMMA: Estou ben, un pouco mareada. Vou mollar a cara.

AIRAS: Bebe auga.

SON: Escoitamos os pasos de Emma saíndo do cuarto.

AIRAS: De verdade cres que isto axuda? Escoitar a fita, xusto agora? Retomar o caso?

RAÚL: Eu non son quen necesita escoitala, eu seina de memoria.

AIRAS: Eu lémbrome de cousas soltas... eu lémbroo todo por pedazos. Queres máis licor?

RAÚL: Sempre quero máis licor.

AIRAS: Ouves... que tal Marcos? Vai todo ben entre vós?

RAÚL: Todo o ben que pode ir tendo el que aturarme. Agora son máis vello... agora teño menos pelo... agora case non teño ganas de follar... Lembras mellor as cousas despois da escoita?

AIRAS: Non podo describir cada detalle, necesitaría refrescar cousas... e non sei se quero. Non sei que demo gañamos volvendo a desenterrar todo isto, xusto agora que comezaba a esborrancharse. Teño que pensar en Emma. Teño que pensar no... *(Pausa.)*

II

Mira, se Rafa estivese aquí, probabelmente...

RAÚL: Rafa nunca falaba de nada. E ti tampouco recordas, polo que vexo, nada. Canto a Emma... dígoche a verdade? Emma non pinta moito.

AIRAS: Non sexas *gilipollas* Rauliño...! Non me quentes, está? Emma estivo nos campamentos ao mesmo tempo que nós.

SON: escoitamos un zonzún intenso e os pasos de Emma que denotan cada vez máis proximidade.

EMMA: Xa estou. Pítanme os ouvidos.

SON: O zonzún cesa.

EMMA: Ben... que? Temos que escoitalo enteiro? Ou vasnos dicir dunha vez por que temos que aturar todo isto no meu último mes de embarazo? Nas primeiras semanas o de Rafa...agora isto... Non sei. Non sei.

AIRAS: Bebe auga, neniña.

RAÚL: Coñécédesme de sobra... ou non? Estamos aquí por un motivo serio. Nunca molestei ...ou si?

EMMA: Mellor calo a boca.

RAÚL: Precisamente ti non te caracterizas por iso...

AIRAS: Veña...veña... Raúl, o tema non é ese. Sábelo de sobra!

RAÚL: O tema mudou. O tema mudou desde o de Rafa.

EMMA: Eu creo que todo o mundo dixu tantas veces o que tiña que dicir ao respecto,

que o tema xa está chamuscado. O que non sei é que diaños fago aquí, preñada, escoitando isto.

RAÚL: Eu o que non sei é como diaños se che ocorre poñerlle Rafa ao rapaz.

AIRAS: Raúl... xa está! Vale?

RAÚL: Encántame a cara que pos cando te tensas.

EMMA: E nunca pensaches na cara que pos ti? Ou é que xa non te tensas? Ou é que non te tensaches nunca?

AIRAS: Emma!

SON: O silencio establece unha entrada ao pasado. E logo unha saída. A mellor entrada é sempre a mellor saída. No escoitamos nada. Absolutamente nada.

RAÚL: Voume, está claro que vós non queredes saber, e eu xa sei demasiado.

AIRAS: Irte? A onde? Son as catro e media, estas bébedo, Raúl.

RAÚL: Voume, avance rápido.



RAÚL: Nuns intres estarei no futuro. Non vos preocupedes...téño todo gravado, mañá riremos de todo isto.

EMMA: Gravado? O que acabamos de falar? Levas un micro? Pero qué carallo dis Raúl?

A fita para: CLAC! Todo o escoitado respondía por súa vez a unha gravación do día anterior.



SON: Escoitamos a voz de Emma avanzando rapidamente.



Kdfllksadfjjfieorkdoakdfkdsañlkfakesjprokwapofkplsadkfñlk lskfdñlaskdñ lkaskdjksj dk
alskdñakdsñ...

RAÚL: Escoita... xusto aquí:

SON: A fita detense no medio do avance rápido.



EMMA: ...e se de verdade estás gravando esta conversa estás máis tolo e paranoico do que eu cría.

CLAC!



RAÚL: *(Rindo desde o presente.)* Pois finalmente si que o estaba gravando... tes unha voz un tanto desagradábel, non poderías ser locutora. *(Ri mais.)*

AIRAS: Segundo día, Raúl...segundo día que che seguimos o xogo e vimos até aquí para nos someter a isto.

EMMA: Non sei o que pretendes gravando estas conversacións, non sei se estás a pensar en nos implicar ou en nos liar en algo... mais a verdade é que estás totalmente desorientado, isto é...isto é...

RAÚL: É a nosa caixa negra. Bonecas rusas...un recordo dentro de outro. Ti o dixeches antes, Airas...témolo todo, mais todo aos pedaciños... entendedes?

EMMA: O que non entendo é como, con tantos psicólogos que nos viron, aínda non te encerraron.

RAÚL: Sabes, Emma? Eu o que non sei é que carallo pintas ti aquí. Por máis que o penso non entendo o teu papel en todo isto!

EMMA: Raúl... eu estiven alí! Máis que ninguén! E ademais estaba soa.

AIRAS: Emma, relaxa...

RAÚL: Soa? Ou queres dicir protexida?

EMMA: Escoita, Raúl! Estou farta! Farta do teu vitimismo de balde, farta de aguantar as túas manías cada vez que nos vemos e farta de ter que escoitar unha e outra vez o mesmo conto sobre o meu papel en todo isto... É que ás veces..., ás veces parece que o achas en falta, foder! Por veces parece que non tes nada mellor que facer na túa puta vida, que abrir esa maldita caixa negra que nos custou dezasete anos pechar!

AIRAS: Senta Emma, fai o favor! (*Pausa.*)

II

AIRAS: Xa vale...non? Xa está. Eu si que non vos aturo máis a ningún dos dous! A culpa non é nosa. Nunca foi nosa! A culpa é dun señor que agora está no cárcere. A culpa quizá é dos nosos pais por nos levaren a aqueles campamentos e esquecérense, ou da puta veciñanza! Mais a culpa non é vosa, nin miña... Nin de Rafa! O que está claro é que este pode ser un bo momento para acabarmos co tema dunha puta vez, antes de que o tema remate tamén con nós. E dígoo polos dous... ou polos tres... polos catro.

RAÚL: Pois entón, non lle chamedes “Rafa” ao neno, foder! Que parece que estamos todos tolos!

EMMA: Lévalo todo ao teu terreo... míralo todo coa mesma lente de sempre. Segues alí!

RAÚL: Déixame a botella.

AIRAS: Iso...bebe máis! Para iso viñemos?

RAÚL: Déixame a botella, hostia!

SON: Escoitamos o son líquido da botella das mans de Airas até as de Raúl.

RAÚL: Mirade... se cadra non teño outra alternativa e se cadra resulta que xa non poderei saír de alí nunca. Pero eu creo que a situación mudou. Para min mudou.

SON: Escoitamos os dedos nerviosos de Raúl operando no magnetófono, escoitamos o avance rápido máis lento do mundo.

▶▶

RAÚL: Pedinvos que viñésedes a escoitar porque agora isto é máis real que nunca... agora o pasado ten xa dúas vítimas mortais. E os mortos sempre claman vinganza.

EMMA: Queres que sinta pena por Puri?

RAÚL: Puri tamén era unha vítima.

EMMA: O dito, estás mal. É imposible. Non podo... a serio, non podo aturalo.

Asúmeo dunha puta vez, imbécil: Puri suicidouse polo que fixo e Rafa polo que lle fixeron! É ben distinto! Airas, imos! Encóntrome mal.

RAÚL: Esperade, anda... que ven o mellor.

SON: O magnetófono préndese de golpe:



CLAC!

OFF: Proba 3 - Interrogatorio 1/3 – PURIFICACIÓN-33 anos – Material protexido da Policía – Xulgado Provincial da Coruña.

PURI: Enténdame vostede. Rodrigo é o meu esposo e todos eles... como se fosen os nosos fillos de verdade... a miña familia.

POLICÍA: (*Trátase agora dun home*): É necesario que relate os feitos tal e como sucederon. Temos xa tres versións diferentes do mesmo acontecemento, procure ser clara e concisa en todo o momento. Continúe.

PURI: Pola mañá organizabamos o ximnasio, sabe? Despois de almorzar, os rapaces aprendían a facer as cousas da casa. Limpaban, ordenaban, lavaban a súa roupa... tiñamos moito coidado de que todo fose instrutivo e disciplinado. Non como nas súas casas de inverno.

POLICÍA: Estoulle preguntando por un momento moi concreto, repítolle a declaración do neno Airas Sánchez. (*Le.*) “Antes de cear, o mestre Rodrigo chamábanos a algúns de nós. Eu, Raúl e máis Rafa tiñamos que nos presentar case sempre despois da ducha. Tiñamos que volver ao ximnasio. Se non faciamos o que quería... dicíanos que non podíamos cear, e se nos revolvíamos, tiñamos que falar con el a soas... (*Rasca a gorxa.*) Unha vez... doíame a barriga, díxenlle que non podía ir. Puri chamoume e tiven que ir igual xunto del. Botoume unha reprimenda de máis de dúas horas e por iso nunca máis... (*Pausa.*) lle fallei.” Estaba vostede ao corrente do que pasaba no ximnasio?

PURI: (*Tras un longo silencio.*) Estaba.

POLICÍA: Cóntemo. Explíqueo da forma máis sinxela posible.

PURI: Verá... é que non é sinxelo. Para vostede supoño que é difícil de entender... para min tamén o era ao principio. Vostede xúlga todo do seu punto de vista, mais nós... Era a nosa familia. Unha gran familia.

POLICÍA: Lembra o que pasou no 23 de Xullo deste mesmo ano 94? Refírome a eses momentos, antes de cear.

PURI: Eu... si, lémbroo. O meu marido Rodrigo facía... Rodrigo ensinaba aos nenos a dárense... a dárense pracer, ensináballes as cousas da vida. Pero como parte do Karate, como parte da vida.

POLICÍA: Participou vostede algunha vez nesas prácticas?

(Silencio.)

POLICÍA: Señora González... é moi importante que sexa vostede clara e sincera porque se mente, as consecuencias poden ser moito peores das que xa carrea a propia imputación que se lle fai.

PURI: Ás veces!... Sobre todo mirar. Escoite! Nunca se lles facía dano aos nenos... eles son os meus fillos, todos eles! Isto non debería saír de aquí. Os nenos non deben sufrir por algo que a xente non entende. A xente xulga sen entender nada!

POLICÍA: Todo o interrogatorio cumpre os requisitos das leis de protección de menores, toda esta información é segredo de sumario. Cando falamos de menores, o asunto é sagrado. Agora sexa moi concreta nas súas respostas. Responda “si” ou “non”. É certo que o seu marido practicaba sexo cos rapaces?

PURI: Si.

POLICÍA: É certo que os rapaces eran apalpadados... aturaban linguaxe obscena, felacións e penetracións anais e vaxinais... *(Rasca a gorxa. Pausa.)* Eran masturbados e obrigados a realizaren todas estas prácticas entre eles a diario e baixo coacción directa?

(Silencio.)

POLICÍA: Quere que lle repita a pregunta por partes?

PURI: É certo. Pero non é como vostede di.

POLICÍA: É certo que vostede participaba activamente nestas prácticas... incluso durante o seu embarazo?

SON: Emma detén a gravadora.



CLIC! De volta ó presente.

EMMA: Non quero escoitar isto outra vez, non agora.

AIRAS: Estou até o carallo de tanto misterio, Raúl! Primeiro dis que todo isto é por Rafa... dixeches que viñamos a enterralo... collemos as cinzas, collemos o coche, vimos até aquí...

RAÚL: Claro que é por Rafa.

EMMA: Roubaches as fitas do teu traballo!

RAÚL: Non é roubar. Son máis nosas que de ninguén... non? Eu creo que se alguén pode valorar as cintas somos nós... completan a miña colección. *(Ri.)*

EMMA: Se descubren que as fitas non están...! A saber a canta xente moviches para conseguilas... Ti sabes a gravidade do asunto?

RAÚL: Ei... traballo con esa xente... Ninguén vai achalas en falta unha noite. De feito, ese é o problema. Ninguén toca esas cintas desde hai anos. Non lles importan.

AIRAS: Porque o caso está pechado! *Joder*, Raúl! Mira... Emma ten razón, espero que teñas un bo motivo para todo isto... espero que todo isto teña unha auténtica xustificación. Nós viñemos botar as cinzas, só iso!

RAÚL: Non fodas, home! Claro que botaremos as cinzas! Cala a puta boca un momento!

EMMA: Raúl!

RAÚL: Calade a puta boca os dous! ■ Mirade... para comezar, nós non somos como toda esa xente da policía. Nin como os meus colegas dos xulgados...nin nada parecido. Senón, que coño aprendemos nos campamentos? Nós estamos feitos doutra pasta. Esa xente traballa o menos posíbel. Esa xente non ten putas metas, nin disciplina. Non viviron o que nós vivimos... non saben do que estamos a falar! Estas cintas son a nosa caixa negra... debes escoitalas.

EMMA: Falas como o mestre Rodrigo. Cuspidiño.

RAÚL: ...zorra

AIRAS: Raúl! Escóitame ben! Non vou permitir que volvas a falarlle nese ton! Entendes? Entendido? Non podes vir aquí, abrir a caixa de Pandora e esperar que ninguén se altere.

RAÚL: (*Ri, bebado.*) A caixa de Pandora? Esa téñoa aquí!

SON: Raúl continúa rindo mentres mete unha fita na gravadora e preme play.



CLAC!

SON: Soa un fragmento do filme KARATE KID.

MESTRE: Primeiro facer pacto sagrado, eu prometo ensinar Karate, esa miña parte. Ti prometes aprender. Eu digo, ti fas. Non preguntas. Esa túa parte. Trato?

RALPH MACCHIO: Trato!

MESTRE: Aí.

(Son de esponxa.)

MESTRE: Primeiro lavar todos os coches, despois...cera... CERA!

R.MACHIO: Por qué teño que lavar todos os...?

MESTRE: Chk! Chk! Chk! Recorda trato: Non preguntas.

R. MACCHIO: Sí, mais eu querí...

MESTRE: Dar cera: man dereita. Pulir cera: man esquerda. Dar cera...pulir cera... Inspirar por nariz, expirar por boca. Dar cera, Pulir cera. Non esquecer respiración... moi importante. Dar cera... pulir cera...

(Música.)

KARATE KID: <http://www.youtube.com/watch?v=oDFK8m2UTuU>



AIRAS: Que é isto?

RAÚL: Unha cápsula do tempo.

AIRAS: Que?

RAÚL: Outra cinta con cousas daquela... *joder*. Non te lembrás? Sempre levaba este cacharriño comigo... nunca mo atoparon... ou si...pero nin o pensaron. Estaban tan cheos de poder... o poder cega.

EMMA: “Karate Kid”, hai que foderse... só coa música xa me entran ganas de vomitar.

AIRAS: Qué más hai na fita? Como carallo non lle deches isto á policía no seu momento? Pero ti sabes a importancia que pode ter calquera cousa nesas circunstancias?!

RAÚL: A ver, *gilipollas*, seino perfectamente! Isto non foi só cousa miña. O da cápsula era un xogo que tiñamos Rafa e mais eu no verán. El lérao nun libro de detectives. Aínda non escoitamos nada e xa me estades botando merda *enriba!*

EMMA: Pona, coño!

SON: Escoitamos a presión dos dedos sobre o botón da gravadora. A apertura dun grande baleiro. A atmosfera fría téguese co aire quente do máis vello dos infernos. A gravación escóitase ao lonxe e tenue, somerxida nun ambiente de murmurios.



MESTRE RODRIGO: E este é o teu primeiro cinto, Raúl.

RAÚL/NENO: Grazas, mestre.

MESTRE RODRIGO: Primeiro branco, e logo todo un arco iris até chegar ao negro... e cando che entregue o negro non fixeches máis que comezar. Porque o negro deberá volveuse branco de novo de tanto traballar... entendes, Raúlciño? Todo sistema contén en si mesmo a semente da... a semente da... a semente da... a semente da... a semente da... *(A fita trabouse.)*



CLiC! ó PRESENTE.

RAÚL: Todo sistema contén en si mesmo a semente da súa propia destrución.

AIRAS: O cinto... O psicólogo dixo que non me achegase a eles: Nin quimonos, nin cintos. Até deixei de ver pelis de Karate, co que me gustaban. Nunca vin competir a Rafa.

EMMA: Branco. O primeiro.

RAÚL: Nostáxicos? Nos vos avergoñedes... foi un inferno...mais tamén foi a nosa infancia.

EMMA: Foi moito tempo.

RAÚL: Se cadra ti tamén deixaches un anaquiño no ximnasio. Cando vós chegastes, eu xa levaba un tempo nos campamentos...

AIRAS: Ti es un ano maior. Cando levabamos a cor branca todo era moi inocente. Eu case non lembro nada. Ti xa tiñas o amarelo. Como era todo antes da nosa chegada?

RAÚL: Nesta fita teño algunhas cousas desa época. Do meu ano sen amigos no campamento. No fondo agradecín que viñesedes. Naquel momento só tiña a miña gravadora. Era a miña única amiga.

EMMA: Nunca entendín como Rafa foi capaz de seguir competindo cando todo terminou.

RAÚL: Ben Emma... eu tampouco fun capaz de deixar de facer determinadas cousas... como foder homes, por exemplo. *(Ri.)*

AIRAS: Dixeches que todo cambiou e que se viñesemos poderíamos pechar o caso definitivamente... non? Que máis temos aquí?

SON: *Escoitamos un avance rápido na cinta.*



CLAC!

MESTRE RODRIGO: Qué pasa, Rafa? Non estás cómodo? Aquí somos todos iguais...

RAFA/NENO: Non me gusta estar espido...

MESTRE RODRIGO: (Ri.) Escoita pequeno, non tes nada que ocultar, desta maneira podemos velo todo. Lembra sempre que os que se ocultan, esconden entre as súas roupas o lixo que non se atreven a mostrar aos demais.

SON: *Escoitamos o son dun cinto desabrochándose e unha cremalleira abrirse.*

Nós somos Karatekas, son eles quen temen a nosa simplicidade... non temos nada que ocultar... nada que ocultar... nada que ocultar... nada que ocultar... (*A fita, outra vez trabada, aínda que logra arrancar de novo sen axuda.*) Co... co... co.... Colle...colleeeeeee.... no bote unha recompensa....unha recompensa...unha recompensa... unha recompensa....



AIRAS: Qué barato, foder!... ¡que cutre!... escoitade, escoitade!

SON: *A fita continúa e outra gravación solápase por riba apoderándose do cabezal e soando con forza:*



SON: *Trátase dun fragmento da serie de tv KUNG FU.*

MESTRE PO: Pequeno Saltón... sé ti *mesmo* e nunca temas estar nu aos ollos dos outros. Mais recorda que ás veces os homes ocúltanse e o sinxelo non sempre é comprendido.

KUNG FU (serie): <http://www.youtube.com/watch?v=Br1xePj7Yh8>



CLIC! (presente)

AIRAS: Raúl, acáboche de dicir que non podo nin ver imaxes dese tipo de películas e ti...

RAÚL: Está gravado por riba, *joder!* Non está planeado, cona! Isto debeu de gravalo Rafa, encantáballes quitarme o cacharro e deixarme cousas novas nel... era o noso xogo favorito. Gravabamos cousas da tele, sons da praia... mesmo vos gravabamos a vós! Isto é un fragmento da serie *Kung Fu*. Rafa era un pouco maior... el dábase conta de todo. Reparade no *collage* que fixo coa frase de Rodrigo e a serie da tele. O mestre non era para tanto... polo amor de Deus! A metade das frases eran de filosofía oriental barata! Era un discurso para nenos... unha porcallada! Fodíanos e dábanos caramelos. Non hai nada máis fácil que impresionar un neno.

AIRAS: A Rafa era ao que máis lle gustaban os *Mentos*... as recompensas.

RAÚL: Engánaste... non os comía, gardábaos como trofeo.

AIRAS: Unha vez deume un, foi cando por fin conseguín terminar a cuarta cata. O mestre estaba desesperado comigo, tardei tanto en completala que me ignoraba... entón Rafa achegouse ao meu no vestiario, meteu a man na bolsa de deportes e deume un deses *Mentos*...

RAÚL: Tiña o peto cheo. Soamente o alegraba recibilos... nunca os comía.

EMMA: Aqueles caramelos eran as nosas recompensas. Funcionabamos como cabalos. “Castigo-recompensa”. Que sinxelo era todo.

SON: bebe un grollo.

RAÚL: Ao final, todos os caramelos de Rafa comíaos eu... **(Ri.)** que era o único que non sabía pelexar. **(Ri máis.)** E ao final fomos nós quen acabamos con el. Os pequenos saltóns.

EMMA: Sempre quixen ter un caramelo deses á man, analízalos e comprobar que tiñan droga. Descubrir algo así, que me quitase a culpa de golpe.

RAÚL: Droga? Lémbrome desa estupidez da policía... a droga levábamola entre as pernas.

AIRAS: Es imbécil? Ti es imbécil! non?

RAÚL: Que? A ver, hostia, eramos uns adolescentes hormonados... Vasme dicir que nunca desfrutaches? Que non te corrías na miña gorxa? Ninguén lle dixo nada aos seus pais en sete anos! E, ao final, a única que falou foi Emma, que era a que menos fodía! Non te culpo, Airas... eu tamén desfrutaba. Polo visto máis ca ti. Mírame agora!

SON: Escoitamos como Emma lle propina unha labazada e logo, un forcexo.

AIRAS: Ben! Ben! Ben! Chega! Xa estás contento Raúl? É o que che gusta, non? Sempre provocando as pelexas e logo quedando quieto. *Joder*... Rauliño... nin sequera sabes como cubrirte.

RAÚL: Que? Ela pegoume! Non se pode atacar se non atacan primeiro! **(Bota a rir.)**

EMMA: Atacaches como un verme, imbécil! Foi un golpe baixo!

RAÚL: “O inimigo non vai ter piedade”, neniña! **(Ri.)** E ti que, maricón? Vas seguir deixando que ela te protexa, incluso preñada?! Escoitade, anda!



CLAC!

SON: Desde a fita escoitamos unha conversa entre Rafa e Raúl, voces atrapadas no campamento, psicofonías desde o pasado.

RAFA/NENO: Queres máis Mentos?

RAÚL/NENO: Ben...

RAFA/NENO: Queres que probemos a...

RAÚL/NENO: A qué?

RAFA/NENO: Queres gravar un bico na fita?

RAÚL/NENO: Un bico?

RAFA/NENO: Ti sabes bicar, verdade? Porque creo que co mestre fixemos de todo...de todo menos bicar...e resulta que eu...que onte eu biquei a alguén... e ti dixeras que querías probalo. Onte biquei a...

CLAC!



EMMA: Xa vale! XA-VALE! Non? Airas, imos... encóntrome mal, estou mareada... isto é demasiado. Nós... eramos nenos... non sabíamos o que estaba a ocorrer... polo amor de Deus... POLO AMOR DE DEUS. Que estás facendo, Raúl? Todo isto non axuda en nada, o caso está pechado. Xa sabemos todo isto... estou mareada, o bebé está moi axitado. Imos!

SON: Escoitamos de fondo os latexos axitados do feto en aceleración progresiva.

AIRAS: O do bico... non entendo. A quen bicou Rafa?

RAÚL: (Ri.) Paréceme que os tres non o sabemos todo... Emma. Creo que non estaría demais que Airas entendese un par de detalles sobre Rafa, sobre ti e sobre min... non cres? Xa está ben, non? Basta de segredos.

AIRAS: O do bico... a quen...? A quen bicou? De que...?

RAÚL: A ver, burriño... pensa : quen dos tres está máis cabreado? Quen fodía menos?

EMMA: Dixeras que levaran a fita.

RAÚL: Separáronnos, eu non dixen nada.

AIRAS: Quero escoitalo, preme o play.

EMMA: Airas... estou mareada. De verdade.

SON: Os latexos do feto son cada vez máis potentes.

SON: Raúl rebobina un pouco e logo preme Play:



Fszlkdflasdfslsadflsldflsagdsgh asfgña sgfs agñ sñdgfñ sañdgñas

CLAC!



RAFA/NENO: Ti sabes bicar, verdade? Porque creo que co mestre fixemos de todo...de todo menos bicar...e resulta que eu...que onte eu biquei a alguén... e ti dixeras que querías probalo. Onte biquei a **EMMA**.

RAÚL/NENO: Queres que che diga como se fai?

RAFA/NENO: Non...quero facelo. Quero facelo agora. Quero bicarte a ti.

SON: Escoitamos un bico. Un moi intenso e cheo de amor inocente.



CLAC!

AIRAS: Que é isto? Emma... eu non sabía que...

RAÚL: Estás xordo? Nunca notaches nada raro entre Rafa e máis eu? Vivimos dúas vidas, rapaz... e Rafa naquela vida era distinto.

EMMA: Veña, xa está! Garda iso... Xa o falamos mil veces. Todo o que pasou alí entre nós era froito da burbulla! Non pasa nada...eramos nenos. Agora Rafa estaba casado con Marta e...

RAÚL: Eu sei o que sentía. E o que sentía Rafa. Estabades cegos ou que?

AIRAS: Na gravación... pareceades unha parella.

RAÚL: Mirade para vós... Vós os dous non sei que pareceades.

AIRAS: Que máis hai?

SON: Escoitamos un último CLAC na fita, de novo o bico e outro clac!



MUAC!



RAÚL: Nada... nada máis que este **bico**.

SON: Escoitamos o son da cremalleira dunha bolsa de deportes e logo o son característico que facían as casetes cando se axitaban con a man.

RAÚL: Tomade... un regalo.

EMMA: Que é isto? Outra fita?

SON: Escoitamos a cremalleira pecharse.

RAÚL: Marcho, xa vos dixen que as sei de memoria. Podedes quedar coa gravadora. Creo que eu xa non quero rexistrar nada. Vou comprar un I-Pod... eses non gravan... verdade?

AIRAS: Ei, ei, ei! Espera! Non fagas o numeriño! Dis que todo mudou para ti! Queda e escóitaa con nós!

RAÚL: Non podedes obrigarme a nada. Xa non. Eu sempre estiven con eles. Pero nunca vos preguntastes por que. Todo está a punto de cambiar tamén para vós.

SON: Escoitamos os pasos de Raúl afastándose.

SON: Escóitase outra vez o clack! da tecla do magnetófono.



OFF: Proba 1 - Interrogatorio 6/6 – RODRIGO - 42 anos – Material protexido da Policía – Xulgado Provincial da Coruña.

RODRIGO: Escoite. É a miña familia. Non lle dea máis voltas.

POLICÍA: *(O mesmo home que interrogaba a Puri.)* Confirma entón vostede ter realizado prácticas sexuais...

RODRIGO: Confírmoo todo. Vostede non pode entendela. Vostede, simplemente está cumprindo o papel que eu lle din nesta historia moitos anos atrás... Verá... eu xa sabía que ao final vostedes atacarían a nosa familia. Sabíao todo. Nunca pelexo sen estudar o terreo. Loitaba coa batalla perdida.

POLICÍA: Déixese de filosofía barata, Rodrigo! Faga o favor de limitarse a responder o que se lle pregunta! Confirma vostede que induciu a súa actual muller a todas estas prácticas sexuais pederásticas por medio de estratexias verbais e físicas, e que a incluíu neste modo de vida mentres ela era menor de idade?

RODRIGO: Ela é a miña muller! A nai!

POLICÍA: Repítolle a pregunta...

SON: Escóitase un golpe seco na mesa e un furacán de violencia contido. Pasos nerviosos ao redor. Electricidade.

POLICÍA: Sólteme a man!

RODRIGO: Escoite... non me trate como se non comprendese o que está a pasar. Purificación é a miña muller, enténdoo todo perfectamente. O que non entende nada é vostede.

POLICÍA: Solte... a miña man.

SON: Escóitase o son da tela deslizándose sobre o taboleiro. Un silencio e logo un puño batendo nun rostro. Un grito contido de dor. Un barullo. Voces de xente e, por riba deles, a voz do policía.

POLICÍA: Xa está! Xa está! Non pasa nada... Só lle explicaba ao cabaleiro que teño permiso especial para defenderme das agresións físicas dos sospeitosos. Escoita Rodrigo: Aquí o Karate non che serve de nada, estou seguro de que tes millóns de frases de mestre oriental de merda aprendidas, pero podes aforralas. Imos facelo así. Limitate a responder “si” ou “non”... entendido? Creo que do demais temos de sobra.

RODRIGO: Si.

POLICÍA: Confirma vostede que Raúl Branco, de 14 anos de idade... é o seu fillo natural dunha relación anterior á que actualmente mantén con Purificación González?

RODRIGO: Raúl é o meu único fillo natural. A miña semente... A miña semente... a miña semente... a miña semente...

SON: A cinta trábase un anaco, pero continúa soa.

POLICÍA: “Si” ou “non”, Rodrigo...

RODRIGO: Si.

POLICÍA: Vale... ben. Ben... E confirma vostede que tivo relacións sexuais completas con el durante os campamentos de Karate someténdoo ao mesmo trato que aos demais rapaces que alí acudían? Lembre: Conteste “si” ou “non”.

RODRIGO: Si.

POLICÍA: Estes abusos comezaron antes ou coa chegada dos demais rapaces? Conteste sinxelamente: “antes” ou “coa chegada dos demais”.

RODRIGO: Coa chegada dos demais. Cando eles chegaron comezamos coa verdadeira familia.

POLICÍA: Perfecto, Rodrigo. Acabas de asinar. Témoste. Algo máis que engadir?

RODRIGO: Si.

POLICÍA: Fale agora.

RODRIGO: Todo sistema contén en si mesmo a semente da súa propia autodestrución...
Todo sistema contén en si mesmo a semente da súa propia autodestrución...Toooodo
sistema coooooontén en si meeeeeesmo aaaaa semente da súa propia
auuuutoooooodesstrucción.

SON: A cinta trábase, o son vai perdendo forza até que o motor esnaquiza a banda magnética.



“Clac!”

O pasado, a familia, Emma, Airas, as cinzas de Rafa e a caixa negra destrúense e quedan reducidas a po.

Po ao po.